NORMAS E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA
"CONCILIA VERÁN 2022"

Unha vez admitidos definitivamente deberán incorporarse á actividade nos prazos e horarios establecidos no centro seleccionado onde os monitores e monitoras farán unha reunión informativa ás 9.00h o primeiro día de cada quincena.

As persoas participantes nos campamentos están obrigadas a:

1. Respectar as normas establecidas polos monitores e monitoras de cada centro, así como as da de réxime interno das instalacións onde se desenvolva.

2. Notificar previamente as faltas de asistencia e xustificalas.

RECOMENDACIÓNS:

- ➢ Roupa e calzado cómodo, protección solar aplicada previamente, gorra, auga e algo de comer.
- ➢ No caso de actividades de auga: toalla, traxe de baño e outro calzado.
- ➢ Non se permiten aparellos electrónicos.

** A organización non se responsabiliza de extravíos, roubos ou deterioro.*

MEDIDAS DE SEGURIDAD PARA PREVENCIÓN DA COVID -19

1. Non poden acudir ao centro os nenos e nenas con síntomas compatibles co COVID-19 ou diagnosticados con esta enfermidade.
2. Lavado de mans antes e despois de merendar, de ir ao baño e de realizar actividades que requiran contacto con compañeiros/as ou monitores/as.
3. Recoméndase evitar as aglomeracións. As familias solo poderán entrar ao centro no caso de necesidade ou indicación do monitor ou monitora.
4. Os espazos de traballo e xogo se son pechados, estarán o mais ventilados posible.
5. Non se poderá compartir comida ou bebida entre usuarios e, ao rematar de comer, cada neno e nena botará os restos no lixo, recollerá a súa propia mochila ou neveira e lavará as mans.